



Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

Bases para participar no INTERCAMBIO XUVENIL

VENECIA 2025

A Concellería de Cultura, Deportes e Xuventude do Concello da Laracha leva a cabo a promoción e organización de actividades cun claro compoñente de educación non formal destinadas á xuventude no ámbito do ocio e o tempo libre.

Este 2025 presenta o **IV Intercambio Xuvenil** coa **Escuela Polo Técnico Profesional I.I.S. Venier di Venezia** que se celebrará do **24 de xuño o 1 de xullo**, dirixido a xoves do municipio.

1. DESTINATARIOS

Poderán participar mozos e mozas que estean empadroados no Municipio da A Laracha antes do 1 de xuño de 2024 e que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter entre 18 e 30 anos. Os participantes deberán ter cumpridos os 18 anos antes da saída do 24 de xuño de 2025.
- Os participantes asumirán os gastos de desprazamento ata o punto de saída (aeroporto) e o retorno do aeroporto..

2. PRAZO, LUGAR E FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A solicitude poderá presentarse vía sede electrónica ou por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, conforme o ANEXO I publicado na páxina web do Concello.

3. SELECCIÓN DOS PARTICIPANTES

-O número de prazas dispoñibles é de 10.

-O prazo de solicitude para participar no Intercambio Xuvenil – Venecia 2025 será **do 23 ao 28 abril**.

-Terán preferencia as inscricións dos mozos/as que non participaran noutras convocatorias de Intercambio a Venecia.

-Finalizado o prazo establecido e unha vez examinadas as solicitudes presentadas e verificado que compren os requisitos esixidos, procederase a adxudicación das prazas. Se hai máis solicitudes que prazas realizarase un sorteo público no salón de plenos do Concello o día **29 de abril ás 10:00 horas** quedando fixado un listado de reserva, de ser o caso.

-Os beneficiarios do Intercambio - Venecia 2025 si desexan participar noutros intercambios organizados polo Concello para o ano 2025 pasarán directamente a formar parte do listado de reservas.

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

-Publicase na web municipal a listaxe coas prazas concedidas e vía correo electrónico infórmase aos beneficiarios/as.

4.- ACEPTACIÓN DA PRAZA

Para que a aceptación de praza sexa efectiva os beneficiarios/as deberán presentar a seguinte documentación antes do **5 de maio ás 14:00 horas**.

- Fotocopia do DNI
- Tarxeta sanitaria europea e informe médico de padecer algún tipo de alerxias ou outras causas
- Xustificante do aboamento das taxas .
- O ingreso do prezo público levarase a cabo en réxime de autoliquidación, pago con tarxeta nas dependencias municipais, transferencia bancaria ou ingreso nas contas do Concello:

ABanca ES20 2080 0079 9231 10000015, LaCaixa ES08 2100 4912 2122 00004416 e Banco Pastor ES10 0238 8126 1606 60000173. Rematado este prazo se non se realiza o pago, perderá a praza e pasará á seguinte persoa do listado de reserva, se é o caso.

Só no suposto de que, por causas xustificadas (casos de forza maior, debidamente motivados, que serán obxecto de apreciación e estimación discrecional e potestativa por parte da Alcaldía) o interesado/a non puidera realizar a actividade solicitada, procederase á devolución da taxa.

5.- GASTOS DE PARTICIPACION

O Concello da Laracha asume a diferenza entre a taxa e os gastos reais dos participantes.

ACTIVIDADE	DATA	Nº PRAZAS	PREZO PÚBLICO PARTICIPANTE
Intercambio VENEZIA	24 xuño ao 01 xullo	10	250€

O prezo público de participación inclúe:

-Programa de actividades de carácter sociocultural, recreativo, formativo e convivencial, que posibilite a participación a persoa moza.

-Desprazamentos en avión, bus, taxi, barco,...

-Aloxamento na “Escuela Polo Técnico Professionale I.I.S. Venier di Venezia”

-A manutención en réxime de pensión completa

-O material necesario para o desenvolvemento da actividade e o persoal técnico

-Atención sanitaria e seguro de accidentes